



Facultade de Filoloxía

Traballo de
fin de grao

**Actitudes lingüísticas e aprendizaxe
de linguas: revisión teórica e
proposta didáctica para a lingua
galega**

Autora: Isaura Framil De Amorín

Directora: María Álvarez de la Granja

Liña temática: Ensino e aprendizaxe do galego

Curso 2023/2024

Santiago de Compostela

Traballo de Fin de Grao presentado na Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela
para a obtención do Grao en Lingua e Literatura Galegas



Facultade de Filoloxía

Traballo de
fin de grao

**Actitudes lingüísticas e aprendizaxe de
linguas: revisión teórica e proposta
didáctica para a lingua galega**

Autora: Isaura Framil De Amorín

Directora: María Álvarez de la Granja

Liña temática: Ensino e aprendizaxe do galego

Curso 2023/2024

Santiago de Compostela

Traballo de Fin de Grao presentado na Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela
para a obtención do Grao en Lingua e Literatura Galegas



FACULTADE DE FILOLOXÍA



CUBRIR ESTE FORMULARIO ELECTRONICAMENTE

Formulario de delimitación do título e resumo
Traballo de Fin de Grao curso 2023/2024

APELIDOS E NOME:	Isaura Framil De Amorín
GRAO EN:	Lingua e Literatura Galegas
(NO CASO DE MODERNAS) MENCIÓN EN:	
TITOR/A:	María Álvarez de la Granja
LIÑA TEMÁTICA ASIGNADA:	Ensino e aprendizaxe do galego

SOLICITO a aprobación do seguinte título e resumo:

<p>Título: Actitudes lingüísticas e aprendizaxe de linguas: revisión teórica e proposta didáctica para a lingua galega</p>
<p>Resumo [na lingua en que se vai redacta-lo TFG; entre 1000 e 2000 caracteres]:</p> <p>As actitudes lingüísticas xogan un papel determinante nos procesos de adquisición e aprendizaxe de linguas, xa que constitúen unha das formas de expresión da conciencia lingüística dos falantes.</p> <p>Así, xunto a outros elementos centrais no ámbito da sociolingüística, como as crenzas ou os estereotipos, as actitudes lingüísticas contribúen a construír visións e ideas sobre un idioma, factores que influirán no desenvolvemento do usuario como falante dunha lingua nun determinado contexto social.</p> <p>Nas situacións de contacto lingüístico en que conviven dúas ou máis linguas con diferenzas de prestixio, o desenvolvemento de actitudes lingüísticas positivas cara á lingua minorizada será esencial para a súa valoración dentro da comunidade de fala. Nun contexto como o galego é necesario que os falantes adopten posturas favorables cara á lingua galega co fin de contrarrestar o avance do castelán e garantir a preservación do galego e da identidade lingüística dos galegos.</p> <p>Neste senso a educación constitúe unha ferramenta fundamental para o desenvolvemento destas actitudes positivas, xa que, como expoñen recentes investigacións, as actitudes lingüísticas e a motivación son dous factores decisivos e vinculados ao éxito nos procesos de aprendizaxe de linguas.</p> <p>Neste traballo levarase a cabo unha revisión dos estudos que analizan as actitudes lingüísticas desde o punto de vista da aprendizaxe de linguas e as actitudes no contexto educativo galego co propósito de, posteriormente, elaborar material didáctico enfocado a fomentar actitudes lingüísticas favorables cara á lingua galega. Centrarémonos principalmente en actividades de reflexión metalingüística deseñadas para seren integradas nas aulas de lingua e literatura galegas na educación secundaria.</p>

Santiago de Compostela, 29 de abril de 2024.

SRA. PRESIDENTA DA COMISIÓN DO TRABALLO DE FIN DE GRAO

<p>Sinatura do/a interesado/a</p> 	<p>Visto e prace (sinatura do/a titor/a)</p> <p>ALVAREZ DE LA GRANJA MARIA - 36115279N</p> <p>Firmado digitalmente por ALVAREZ DE LA GRANJA MARIA - 36115279N Fecha: 2024.04.29 09:39:20 +02'00'</p>	<p>Aprobado pola Comisión do Traballo de Fin de Grao coa data</p> <p>- 6 MAI. 2024</p> <p>Selo da Facultade de Filoloxía</p>
---	--	--



Actitudes lingüísticas e aprendizaxe de linguas: revisión teórica e proposta didáctica para a lingua galega

Actitudes lingüísticas y aprendizaxe de linguas: revisión teórica y propuesta didáctica para la lengua gallega

Linguistic Attitudes and Language Learning: Theoretical Review and Didactic Proposal for the Galician Language

Resumo

As actitudes lingüísticas xogan un papel determinante nos procesos de adquisición e aprendizaxe de linguas, xa que constitúen unha das formas de expresión da conciencia lingüística dos falantes.

Así, xunto a outros elementos centrais no ámbito da sociolingüística, como as crenzas ou os estereotipos, as actitudes lingüísticas contribúen a construír visións e ideas sobre un idioma, factores que influirán no desenvolvemento do usuario como falante dunha lingua nun determinado contexto social.

Nas situacións de contacto lingüístico en que conviven dúas ou máis linguas con diferenzas de prestixio, o desenvolvemento de actitudes lingüísticas positivas cara á lingua minorizada será esencial para a súa valoración dentro da comunidade de fala. Nun contexto como o galego é necesario que os falantes adopten posturas favorables cara á lingua galega co fin de contrarrestar o avance do castelán e garantir a preservación do galego e da identidade lingüística dos galegos.

Neste senso a educación constitúe unha ferramenta fundamental para o desenvolvemento destas actitudes positivas, xa que, como expoñen recentes investigacións, as actitudes lingüísticas e a motivación son dous factores decisivos e vinculados ao éxito nos procesos de aprendizaxe de linguas.

Neste traballo levarase a cabo unha revisión dos estudos que analizan as actitudes lingüísticas desde o punto de vista da aprendizaxe de linguas e as actitudes no contexto educativo galego co propósito de, posteriormente, elaborar material didáctico enfocado a fomentar actitudes lingüísticas favorables cara á lingua galega. Centrarémonos principalmente en actividades de reflexión metalingüística deseñadas para seren integradas nas aulas de lingua e literatura galegas na educación secundaria.

Palabras chave: *actitudes, actitudes lingüísticas, estereotipos, prexuízos, ensino e aprendizaxe de linguas, proposta didáctica, galego*

Declaración de orixinalidade

Eu, Isaura Framil De Amorín, con DNI 77014687S, declaro formalmente que o presente Traballo de Fin de Grao é da miña estrita autoría, polo que é orixinal e non incorre en plaxio. Todas as fontes empregadas aparecen citadas correctamente no traballo e na bibliografía final. Ademais, manifesto que son coñecedora das consecuencias académicas derivadas de que o anterior sexa falso.

En Santiago de Compostela, 24 de xullo de 2024

Asdo.:

A handwritten signature in black ink, appearing to read 'Isaura', written in a cursive style.

ÍNDICE

1. Introducción.....	9
2. Actitudes lingüísticas	10
2.1. Definición.....	11
2.2. A estrutura interna das actitudes	12
2.3. A relación das AL con outros conceptos da sociolingüística	14
2.3.1. Prexuízos e estereotipos	14
2.3.2. Identidade e linguas en contacto	15
2.3.3. Ideoloxía	16
2.4. AL e didáctica de linguas: importancia nos procesos de ensino e aprendizaxe	17
3. Actitudes lingüísticas en Galicia	20
4. Proposta didáctica	25
4.1. Contexto.....	25
4.2. Persoas destinatarias.....	26
4.3. Obxectivos	26
4.4. Contidos.....	26
4.5. Metodoloxía	27
4.6. Desenvolvemento.....	28
4.7. Avaliación.....	50
5. Conclusión.....	50
6. Referencias bibliográficas.....	52

1. Introducción

Nas últimas décadas as actitudes lingüísticas (de aquí en adiante AL) adquiriron relevancia en diversos campos de estudo vinculados á sociolingüística. Entre outros, na investigación sobre o cambio e a variación lingüística, as AL aportan información sobre as tendencias sociais e culturais. No ámbito da política lingüística son un elemento fundamental para a elaboración de estratexias educativas e lingüísticas efectivas, así como para o deseño de plans vinculados ao ensino bilingüe ou plurilingüe.

Nas situacións de contacto lingüístico, as AL toman tamén especial relevancia. Os falantes crean visións sobre unha lingua a partir de elementos externos, relacionados co contexto social, e internos, vinculados ás súas crenzas e á súa experiencia. Por unha banda, cando conviven dúas ou máis linguas, non todas gozan do mesmo prestixio. Por outra banda, as linguas son un factor esencial para a construción da identidade e tamén para a interacción do individuo coa contorna. Estes elementos serán determinantes para o falante á hora de consolidar o seu repertorio lingüístico.

As actitudes lingüísticas moldean as valoracións e as percepcións que o falante ten sobre a lingua, de xeito que desenvolver AL positivas cara ao idioma que posúe menos prestixio e, en consecuencia, que adoita contar con un número menor de falantes, tórnase indispensable para asegurar a o uso dese idioma.

No ámbito da didáctica de linguas, as actitudes lingüísticas xogan un papel fundamental nos procesos de ensino e aprendizaxe, pois o grao de favorabilidade das AL cara á unha lingua determinará o esforzo que o alumnado dedicará para aprender e mellorar a súa competencia nese idioma.

Un dos obxectivos principais deste traballo é ofrecer unha revisión teórica sobre as actitudes lingüísticas para demostrar a importancia deste fenómeno no ámbito da didáctica de linguas (§2). Ponse especial atención ao contexto galego debido á súa natureza diglósica, que require o desenvolvemento de AL positivas para garantir a continuidade da lingua galega no tempo (§3). Con este fin, proponse ademais unha unidade didáctica dirixida especialmente ao alumnado procedente das zonas máis castelanizadas para combater os estereotipos e os prexuízos vixentes contra o galego, así como para demostrar o seu valor como patrimonio cultural e ferramenta de comunicación (§4).

2. Actitudes lingüísticas

As actitudes lingüísticas representan un fenómeno complexo tanto desde a perspectiva da súa natureza como da súa configuración interna e da súa manifestación externa. Son individuais e privadas, pero tamén determinantes na relación do individuo cunha lingua ao influír nas ideas e nos valores creados sobre esa lingua que repercutirán no xeito en que o individuo se relaciona coa súa contorna. Non pode esquecerse que as actitudes son “un aspecto fundamental de la cognición y el comportamiento humanos, dando forma a las creencias, valores y acciones individuales y grupales en una extensa gama de escenarios” (Tello-Zuluaga, 2023:39).

Antes de que as actitudes lingüísticas emerxeran como obxecto de estudo, desenvolvéronse numerosos traballos sobre as actitudes. A investigación destas últimas ten orixe nunha rama da psicoloxía vinculada á socioloxía, a psicoloxía social (Chamorro, 2021).

A principios do século XX os traballos dos psicólogos sociais William McDougall e Edward Ross sobre as diferenzas individuais no comportamento social sentaron as bases para os posteriores estudos sobre as actitudes (Tello-Zuluaga, 2023:44). Anos máis tarde, na década dos 30, o psicólogo social Gordon W. Allport converteríase nunha figura chave neste campo de estudo, pois o seu traballo *Attitudes* (1935) supuxo unha contribución significativa para a comprensión das actitudes ao propoñer que estaban formadas por compoñentes afectivos e cognitivos e que ademais tiñan influencia no comportamento humano. Allport é tamén un dos fundadores da psicoloxía da personalidade e para el as actitudes constitúen un elemento indispensable no campo de estudo da psicoloxía social (Allport, 1935:801 *apud* Garret 2010: 19).

Nos anos 60 agroma unha vertente da lingüística centrada na relación entre a lingua e a sociedade da man dos estudos do lingüista estadounidense William Labov, que sería denominada sociolingüística. Neste contexto de auxe da investigación sobre as linguas e o contexto social, Gardner e Lambert (1972) trasladan o concepto de *actitudes* da psicoloxía social ao campo da lingüística para estudar as actitudes que adoptan os individuos que participan en “movements sociais e lingüísticos” (Mercado Fernández, 2020:6), converténdose así nos precursores do estudo das actitudes lingüísticas. A partir deste momento, o concepto de actitudes lingüísticas pasa a ser unha noción central na incipiente disciplina da sociolingüística.

As actitudes lingüísticas pasaron a ser un elemento central en moitos campos de investigación da linguaxe (Ianos, Huguet, Janés, Lapresta, 2015:1) como a variación e o cambio lingüístico,

a construción e a expresión da identidade, a política lingüística ou, especialmente relevante para este traballo, a didáctica de linguas.

As actitudes lingüísticas son un exemplo concreto das actitudes estudadas no ámbito da psicoloxía social. Polo tanto, para poder caracterizar adecuadamente as primeiras, é imprescindible concretar antes que son as actitudes desde a perspectiva da psicoloxía social.

2.1. Definición

Nas últimas décadas desenvolvéronse diversos estudos acerca da natureza das actitudes presentados a partir de dous puntos de vista diferentes, que para Agheyisi e Fishman (1970) coinciden co enfoque mentalista e co condutista.

O enfoque mentalista concibe as actitudes como estados mentais e neuronais que inflúen de maneira directa na resposta verbal dun individuo ante un estímulo externo. A complexidade deste enfoque radica en que, ao entender as actitudes como construtos hipotéticos, non son observables, senón que deben ser inferidas en función de certos comportamentos ou respostas.

Por outra banda, no enfoque condutista as actitudes trátanse desde un punto de vista externo, é dicir, en lugar de como fenómenos mentais, enténdense como respostas manifestas ante un estímulo e, polo tanto, son concibidas tamén como fenómenos observables. Esta concepción facilita o seu estudo metodolóxico, pero tamén supón un obstáculo na súa predición en diferentes contextos, xa que ao seren variables dependentes estarán determinadas polos estímulos externos, o que abre un abano de posibilidades complexo de analizar. Ademais, as limitacións do enfoque condutista radican tamén na incapacidade para examinar a complexidade dos fenómenos mentais e emocionais subxacentes nesas respostas.

Desta maneira, a complexidade que supón desentrañar a natureza das actitudes imposibilita a existencia dun verdadeiro consenso para caracterizalas, xa que esa definición estará suxeita á súa consideración como construto psicolóxico ou como comportamento manifesto. En consecuencia, para non asumir ningunha das dúas perspectivas o máis axeitado (ou recomendable) é acudir a unha definición básica e que poida servir como punto de partida para unha interpretación tanto mentalista como condutista, como pode ser a de Fishbein e Ajzen (1975 *apud* Chamorro, 2021:6) quen sinala que as actitudes constitúen “(...) the amount of affect for or against some object”, ou a de Sarnoff (1970:279 *apud* Garret 2010: 20) quen as define como “a disposition to react favourably or unfavourably to a class of objects”. Ambas as definicións son similares en tanto que as actitudes son concibidas como disposicións

avaliativas cara a un obxecto social, avaliacións que sempre deben ser positivas ou negativas, pois unha actitude neutra suporía a súa ausencia (Chamorro, 2021:8).

Cómpre mencionar ademais a definición proposta por Allport, a cal é concibida por moitos autores como a definición clásica e de referencia: “un estado de disposición mental y nerviosa, organizado mediante la experiencia, que ejerce un influjo directivo dinámico en la respuesta del individuo a toda clase de objetos y situaciones’ (Allport, 1935 apud Ubillos, Mayordomo e Páez 2004:1).

O mesmo que sucede co concepto de actitude, tampouco existe un consenso para precisar o que son as actitudes lingüísticas. Baker (1992) identifícaaas cun concepto *paraugas* que fai referencia a varios obxectos actitudinais, como as linguas, os dialectos, os discursos, os falantes etc; é dicir, propoñen unha descrición que limita os obxectos actitudinais mencionados por Fishbein e Ajzen (1975) ou Sarnoff (1970) a ítems relacionados coa lingua. Con todo, Moreno (1998:179-180) propón unha definición máis detallada para elas:

“es una manifestación de la actitud social de los individuos, distinguida por centrarse y referirse específicamente tanto a la lengua como al uso que de ella se hace en sociedad, y al hablar de “lengua” incluimos cualquier tipo de variedad lingüística: actitudes hacia estilos diferentes, sociolectos diferentes, dialectos diferentes o lenguas naturales diferentes” (Moreno, 1998:179-180)

2.2. A estrutura interna das actitudes

Outro aspecto importante para a caracterización das actitudes son os seus compoñentes, tema que supón tamén un punto de discordancia entre o enfoque mentalista e o condutista. A idea máis estendida, aliñada coa teoría clásica da psicoloxía social, é que as actitudes están compostas por tres elementos: un de tipo cognitivo, outro afectivo e outro conativo; estrutura que daría lugar ao que Eagly e Chaiken (1993 *apud* Haddock e Maio, 2010) denominaron *multicomponent model of attitude*.

Deste xeito, o compoñente cognitivo identificaríase coas crenzas, co obxecto e o seu significado social; o compoñente afectivo coa implicación dos sentimentos que establecen un abano entre unha actitude positiva e unha negativa; e o compoñente conativo ten que ver co comportamento, coa predisposición para comportarse dunha maneira ou doutra. Garrett (2010:23) ilustra cun claro exemplo estes tres factores:

“In terms of language, then, if we were considering a student’s attitude towards Spanish as foreign language, we could talk about a cognitive component (she believes that learning

Spanish will give her a deeper understanding of Spanish culture), an affective component (she is enthusiastic about being able to read literature written in Spanish), and a behavioural component (she is saving money to enrol on a Spanish course)” (Garrett, 2010:23)

Con todo, malia ser capaces de distinguir nas actitudes un compoñente cognitivo, outro afectivo e outro conativo, é complexo saber como se relacionan entre eles. De acordo con Garrett (2010), neste aspecto os autores teñen diferentes puntos de vista. Breckler (1984 *apud* Garrett, 2010:24-25) concibe os tres compoñentes como elementos totalmente independentes e outros autores como Ostrom (1969 *apud* Garrett 2010:25) ou Thurstone poñen o foco no compoñente afectivo, que consideran que ten un peso maior na estrutura da actitude. En liñas xerais, parece existir unha tendencia a establecer unha relación máis estreita entre os compoñentes cognitivo e afectivo, no senso en que estes estarían primeiramente emparentados e traballarían de xeito independente do comportamento (o denominado compoñente conativo), o que levaría ao uso frecuente de tópicos como “the relationship between attitudes and behaviour” (Garrett, 2010:25). Semella doado chegar á conclusión de que esa é a dinámica entre os tres compoñentes, xa que o compoñente cognitivo e o afectivo non son fenómenos observables, mentres que o compoñente conativo si pode chegar a manifestarse externamente a través do comportamento. Cómpre mencionar que, co fin de explicar a estrutura interna das actitudes, Ajzen e Fishbein (1975) elaboraron a *teoría da acción razoada* (TRA), un modelo matemático que permite determinar as intencións de comportamento en función dunhas actitudes e dunhas normas subxectivas (Garrett, 2010).

Algúns autores como Hogg e Vaughan (2005) válese destes tres compoñentes para definir as actitudes: “a relatively enduring organization of beliefs, feelings, and behavioral tendencies towards socially significant objects, groups, events or symbols”. De maneira similar, Dragojevic (2016) describe as actitudes lingüísticas como “set of beliefs, feelings, and behavioural intentions towards different language varieties”.

Do mesmo xeito que na psicoloxía social, no campo da lingüística as actitudes tamén se compoñen de tres elementos, un cognitivo, outro afectivo e outro conativo. A estrutura interna das AL revela o importante papel que xogan nas percepcións e nas valoracións que os falantes teñen sobre unha lingua. O status social dun idioma, o seu arraigamento na sociedade, a vinculación emocional do falante con esa lingua, o interese por aprendela e dominala... Todos estes son aspectos vinculados a estes tres compoñentes e tamén son elementos determinantes na consolidación do repertorio lingüístico do individuo. Neste senso, resulta evidente que as actitudes lingüísticas son un fenómeno que se moldea tanto a partir da experiencia individual

como da relación do falante coa contorna e da importancia que unha lingua teña na sociedade. As percepcións e valoracións, polo tanto, non existen en baleiro, senón que se interrelacionan con outros conceptos centrais na sociolingüística, como poden ser os prexuízos e estereotipos, a identidade, as linguas en contacto ou o prestixio.

2.3. A relación das AL con outros conceptos da sociolingüística

Como se mencionou anteriormente, as actitudes lingüísticas son fundamentais para as percepcións e as valoracións que un falante ten dun idioma, polo que resulta doado vincularlas con outros conceptos relevantes no campo da sociolingüística.

2.3.1. *Prexuízos e estereotipos*

Gordon Allport dedicou gran parte do seu traballo á investigación dos prexuízos e á súa vinculación coa personalidade. Como psicólogo social, xa xogara un papel moi importante no desenvolvemento dos estudos acerca da actitude. No seu traballo *The Nature of Prejudice* utiliza este concepto para elaborar a definición clásica do prexuízo, o cal explica como “una actitud suspicaz u hostil hacia una persona que pertenece a un grupo, por el simple hecho de pertenecer a dicho grupo, y a la que, a partir de esta pertenencia, se le presumen las mismas cualidades negativas que se adscriben a todo el grupo” (Allport 1979:7 *apud* del Olmo, 2005:14). Neste traballo pretende demostrar que o prexuízo non vai ligado á personalidade, senón que se asenta no individuo a partir das crenzas, costumes e experiencias que vai adquirindo e que ten un peso importante na conformación da identidade. Para Allport o prexuízo está inequivocamente vinculado cun sentimento de desprezo ou desagrado, polo que todos os prexuízos son negativos. Pola contra, existen autores que discrepan neste punto. É o caso da antropóloga Margarita del Olmo, quen considera a existencia de prexuízos positivos e incluso neutros (2005:14).

De xeito anecdótico, cómpre mencionar que no século XIV o autor italiano Dante Alighieri xa concibira a existencia de prexuízos lingüísticos, idea que constatou na súa obra *De vulgari eloquentia*. Nesta obra Dante discute a importancia das linguas vernáculos como alternativa á hexemonía da lingua latina e a necesidade de Italia de atopar unha lingua poética capaz de competir coa expresividade do latín. Aínda que sen facer uso da terminoloxía moderna, Dante fai alusión ao que hoxe coñecemos como prexuízos lingüísticos na seguinte pasaxe:

La lengua de los romanos es la peor de todas porque son gentes corruptas que apestan, los habitantes de Aquileya parece que eructan cuando hablan, los sardos imitan como monos la

gramática, los sicilianos, gloriosos en tiempos remotos pero hoy crueles y mezquinos, hablan con excesiva lentitud, los de Apulia, con demasiada aspereza, los toscanos se encuentran obnubilados con una lengua repleta de estupideces. (Alighieri *apud* Romera Barrios, 2011:212).

Un estereotipo pode definirse como unha idea ou unha percepción xeneralizada. No campo da lingüística, Silva-Corvalán define este concepto como unha “asociación consciente de un rasgo lingüístico con una característica no lingüística [...] que puede o no responder al uso real de la lengua” (2001:67). Os estereotipos implican simplificar e categorizar a realidade social en grupos, de maneira que se cree unha tendencia á homoxeneización dos individuos dentro dun mesmo grupo mentres que as diferenzas entre os distintos grupos propendan a acentuarse.

Os prexuízos e os estereotipos xogan un papel moi relevante na comunicación, pois permiten predicir e negociar a interacción comunicativa entre as diferentes variedades de lingua ou entre as diferentes linguas (Chamorro, 2021:5), é dicir, posibilitan que o individuo axuste ou adapte o seu propio comportamento ao anticipar como se comportará o outro e así optimizar a comunicación.

Ao final, tanto os prexuízos como os estereotipos son produto de ideas preconcebidas que se van interiorizando no individuo a medida que adquire experiencia e información do mundo. Ambos os dous fenómenos exercen influencia sobre as actitudes lingüísticas, pois a súa natureza negativa pode dar lugar a que un falante desenvolva actitudes deste tipo como consecuencia da imaxe transmitida por estes prexuízos e estereotipos. Os prexuízos xa se definen directamente como unha actitude hostil e a tendencia á homoxeneización causada polos estereotipos pode afectar negativamente ás actitudes que se desenvolven con respecto aos diferentes grupos. De feito, algúns autores como Bernabé Muñoz (2021) consideran que os estereotipos están na base das actitudes discriminatorias.

2.3.2. *Identidade e linguas en contacto*

Para Thomas (2004 *apud* García León, 2012:30) a identidade non se vincula unicamente co lugar de nacemento, o status socioeconómico ou o sentimento de pertenza a un grupo, senón que está en constante construción e negociación durante a interacción que ten o individuo con outros. Isto implica que a identidade non é un fenómeno inmóbil, senón que pode cambiar en función de con quen se interactúe. Esta concepción pode relacionarse co que Hamers e Blanc (2000) denominaron identidade social, a cal difire doutro tipo de identidade á que se referiron como identidade cultural. Esta última implica unha serie de elementos como “el origen

ancestral, la territorialidad, las instituciones, los valores, las normas y la lengua, pues todos ellos hacen a un grupo cultural distinto de otro” (García León, 2012:30). Este concepto esténdese á identidade étnica, que Hamers e Blanc (2000:201) definiron como a autopercepción dun individuo como membro dun grupo étnico distinto a outros grupos. En definitiva, tanto a identidade cultural como a étnica pasan por un proceso de autoconciencia de pertenza ou exclusión dun grupo.

En determinados contextos, especialmente en situacións de contacto lingüístico, a lingua desenvolve un papel fundamental na construción desta identidade cultural ou étnica, pasando a atoparnos ante o que Hamers e Blanc (2000) designaron identidade etnolingüística, na que a lingua é un elemento fundamental do grupo.

Appel e Muysken (1987 *apud* Chamorro, 2021) vinculan a identidade e as actitudes lingüísticas na medida en que nunha sociedade os diferentes grupos (sociais ou étnicos) desenvolven actitudes determinadas cara aos membros doutros grupos e tamén cara ás súas linguas, de xeito que eventualmente estas actitudes acaban por transferirse aos falantes. Estes autores utilizaron un estudo de 1982 de Carranza para demostrar tamén como as actitudes lingüísticas mudan en función do eixo de variación (público/privado, formal/informal...).

De acordo ao anterior, a identidade é un factor determinante á hora de desenvolver actitudes lingüísticas, ben respecto á lingua propia do grupo ou ás dos outros grupos. É necesario entón que esta heteroxeneidade nas identidades dos distintos grupos sexa abordada desde unha perspectiva de respecto e tolerancia e non de confrontación, para así desenvolver AL favorables co fin de preverar a diversidade tanto lingüística como cultural, en especial nas situacións de contacto de linguas e, por extensión, de identidades.

2.3.3. *Ideoloxía*

Outro concepto que se pode vincular ás actitudes lingüísticas é o de ideoloxía lingüística. De acordo con Garrett (2010), a ideoloxía comprende unha serie de asuncións e valores sobre como funciona o mundo asociados a un determinado grupo social ou cultural.

O termo ideoloxía lingüística ten orixe na antropoloxía lingüística (Garrett, 2010), fronte a moitos dos conceptos tratados neste traballo, como as actitudes, os prexuízos ou os estereotipos, que procedían da psicoloxía social. Propuxéronse varias definicións para ideoloxía lingüística, como pode ser a de Silverstein (1979 *apud* Swiggers, 2019:13), “conjunto de ideas y convicciones que constituyen una racionalización y justificación de estructuras y

usos de la lengua, en la percepción de los hablantes” ou a de Irvine (1989 *apud* Swiggers, 2019:13): “sistema cultural de ideas, cargadas de intereses políticos y morales, acerca de relaciones sociales y lingüísticas”. Ambas as definicións subliñan a existencia dun sistema de valores e ideas que lexitimizan o lugar que unha lingua debe ocupar nunha sociedade e o seu uso.

Este sistema de valores e conviccións que conforman unha ideoloxía lingüística están estreitamente vinculados coa estandarización das linguas. Estes dous elementos conforman o que Milroy (2007:33 *apud* Garrett, 2010:7) denominou *ideoloxía da lingua estándar*. A existencia dun estándar implica a posibilidade de avaliar unha lingua en termos de correcto e incorrecto e a creación desta variedade lévase a cabo a partir dunha perspectiva prescritivista.

A ideoloxía da lingua estándar está construída sobre principios de corrección, autoridade, prestixio e lexitimidade (Garrett, 2010:34). As variedades que non son estándar quedan relegadas, por ende, a variedades non estándar que carecen dos principios propostos por Garrett, o que implica un status social máis baixo. Os falantes tenden a escoller as variedades cun maior prestixio, xa que adoitan ser representativas das clases sociais máis altas, polo que é habitual que se desenvolvan AL favorables cara á variedade con máis prestixio, é dicir, a estándar ao estar vinculada coa ascensión social.

Con todo, esta diferenza no status social non aplica unicamente á variedade estándar respecto ás variedades que non o son. En situacións de contacto lingüístico, poden existir dúas linguas con cadanseu estándar, unha das cales conte con maior prestixio, de xeito que a outra teña unha posición máis desfavorecida na órbita social, propiciando a aparición de AL negativas cara a ela.

En definitiva, as ideoloxías lingüísticas están vinculadas ás actitudes lingüísticas na medida en que inflúen na valoración e percepción das linguas ao constituír un reflexo de como se organizan as estruturas lingüísticas na órbita social. Así, segundo Milroy, as AL vense afectadas polas posicións ideolóxicas e os procesos de estandarización ata o punto de que ter un estándar implica xa un posicionamento ideolóxico que afectará a estas AL:

Language attitudes are dominated by powerful ideological positions that are largely based on the supposed existence of this standard form, and these, taken together, can be said to constitute the standard language ideology or “ideology of the standard language” (Milroy, 2007:133 *apud* Garrett, 2010:7).

2.4. AL e didáctica de linguas: importancia nos procesos de ensino e aprendizaxe

Como se mencionou anteriormente, as AL son disposicións avaliativas cara a un obxecto actitudinal relacionado coa lingua e que se crean sobre unhas crenzas, sentimentos e comportamentos cara a ese obxecto. Ademais, ao estaren vinculadas a factores como a identidade, os estereotipos ou os prexuízos resulta doado establecer unha conexión entre o fenómeno das AL e as escollas lingüísticas dun falante. Os usuarios constrúen visións sobre a lingua que serán determinantes para o seu desenvolvemento como persoas e como falantes (Ayora Esteban e Mohamed Chaib, 2014), polo que crear AL positivas cara a unha lingua influenciará ao individuo á hora de consolidar o seu repertorio lingüístico.

En relación co anterior, moitos autores como Saeed (2014) ou Smith (1971) recoñeceron o importante papel que xogan as AL na didáctica de linguas e outros como Huguet chegan a afirmar que a “language learning will rarely occur if subjects do not show positive attitudes to the language in question and the lessons where it is taught” (2006:414).

No marco do ensino e aprendizaxe de linguas, Garrett (2010) considera que as actitudes lingüísticas actúan tanto como de *input* como de *output*. Para explicar esta dobre función o autor utiliza como exemplo o estudo de Baker (1992:12 *apud* Garret, 2010) sobre a ensinanza da lingua galesa en Gales. Baseándose neste traballo, Garrett considera as AL como *input* para a aprendizaxe e a reavivación da lingua galesa no senso en que o desenvolvemento de actitudes lingüísticas positivas impulsará o alumnado a acadar mellores resultados. Pola outra banda, as AL actuarían como *output* en canto a que o éxito nos resultados fomentará AL positivas cara ao galés. De acordo con Chamorro (2021: 11), as AL “son un input, puesto que su favorabilidad potencia el rendimiento de los aprendientes, y son también un output, en cuanto el buen resultado de un curso de lengua genera a su vez actitudes favorables”.

Retomando o descrición proposta por Baker (1992) das AL como un concepto *paraugas*, as actitudes lingüísticas poden facer referencia a distintos obxectos relacionados coa lingua, como os falantes, a comunidade de fala, os dialectos... o que dificulta a súa investigación. Para paliar estas imprecisións, Baker (1992) crea unha lista das *actitudes* – dos obxectos cara aos que se pode presentar unha actitude – máis relevantes para o ensino e aprendizaxe de linguas:

1. Actitude cara á variación, o dialecto e o estilo
2. Actitude ante a aprendizaxe dunha nova lingua
3. Actitude cara a unha lingua minoritaria específica
4. Actitude cara a grupos, comunidades e minorías

5. Actitude cara ás aulas de lingua
6. Actitude cara aos usos dunha linguaxe (variedade) específica
7. Actitude dos pais cara á aprendizaxe de linguas
8. Actitude ante a preferencia lingüística

Outros autores como Larsen-Freeman e Long (1991 *apud* Thuan, 2021) identifican cinco áreas sobre as que é necesario traballar as actitudes no campo do ensino e aprendizaxe de linguas: os pais, o alumnado, a situación lingüística, o profesorado e a etnia. O establecemento de tipos de actitudes ou de áreas de intervención contribúe a mellorar o estudo das AL no marco do ensino de linguas, xa que permite focalizar a investigación ou presentala desde diferentes perspectivas.

Con todo, as investigacións sobre as AL e o ensino e a aprendizaxe de linguas centráronse principalmente na relación deste fenómeno coa motivación. Os traballos de Gardner e Lambert (1972) serviron como base e inspiración para a maioría dos estudos sobre a motivación e as AL.

Para estes autores a diferenza entre *actitude* e *motivación* radica en que a actitude fai referencia á persistencia que mostra o alumnado para conseguir un obxectivo, mentres que a motivación alude ao obxectivo ou percepción final (Gardner e Lambert, 1972). É dicir, a actitude identifícase coa constancia e o esforzo do alumnado no proceso de alcanzar unha meta e a motivación refírese á razón ou propósito que o impulsa a actuar e a esforzarse. Estudosos como Seki (2004) consideran que a liña que separa a actitude da motivación é moi fina e outros como Raman (2005 *apud* Thuan, 2021) non perciben que exista ningunha vinculación entre estes dous conceptos.

Gardner e Lambert (1972) consideran a existencia de dous tipos de motivación. Por unha banda a motivación *integrativa*, relacionada co desexo do falante de identificarse e integrarse na comunidade de fala e por outra banda, a motivación *instrumental*, vinculada a motivos máis prácticos ou pragmáticos (Gardner e Lambert, 1972). A motivación derivada da integración propicia uns mellores resultados na aprendizaxe, mentres que a instrumental non é tan eficaz (Chamorro, 2021).

Finalmente, Gardner e Lambert propoñen redefinir a motivación de acordo cun modelo psicosocial no que sexan as actitudes lingüísticas as que determinen o grao de motivación e este, á súa vez, o grao de adquisición da lingua. Deste xeito, a importancia das AL no ensino e aprendizaxe de linguas non estaría relacionado directamente cos logros, senón que radicaría na súa función como soporte motivacional.

Sobre a relación entre as AL e a motivación, cómpre destacar dous traballos elaborados por Gardner. En primeiro lugar, o *Socio-Educational Model of Second Language Acquisition* (1985), un modelo socioeducativo formado por tres compoñentes principais: a integratividade, a motivación e as actitudes cara á situación de aprendizaxe. Estes elementos constitúen a motivación integrativa, factor que Gardner considera fundamental no ensino e aprendizaxe de linguas.

En segundo lugar, o *Attitude/Motivation Test Battery (AMTB)* (1985). Trátase dun test dirixido orixinarmente a falantes de inglés que aprenden francés como segunda lingua que consiste nunha serie de preguntas cuxa resposta se sinala mediante unha escala de agrado/desagrado. As preguntas son do tipo “Odio o francés?” ou “A clase de francés é aburrida”. Este traballo é utilizado en numerosos estudos para analizar o grao de motivación dos aprendentes e tamén se realizaron versións para outras linguas.

Ambos os traballos de Gardner son moi relevantes para a investigación das AL neste campo. Tamén evidencian a preocupación polo autor por poñer o foco no aspecto social da motivación, como destacan outros autores “its emphasis is clearly on the social aspects of motivation rather than on the role of motivation in the classroom” (Dornyei, 1994).

Os traballos relacionados coas actitudes lingüísticas que agromaron neste marco demostran a súa importancia nos procesos de ensino e aprendizaxe de linguas, especialmente na aprendizaxe. As AL son un dos elementos que potenciarán a motivación integrativa, representada polo desexo de aprender e o esforzo posto no proceso e esta motivación será determinante para o nivel de dominio alcanzado.

3. Actitudes lingüísticas en Galicia

A situación sociolingüística en Galicia caracterízase pola coexistencia de dous idiomas, o galego e o castelán. Estas dúas linguas non conviven en igualdade de condicións, senón que o galego está marcado pola subordinación ao castelán desde finais da Idade Media. Isto derivou nunha continuada perda de prestixio e de falantes da lingua galega, que quedou relegada historicamente aos ámbitos informais e ao seo familiar, mentres que o castelán se reservou para as funcións sociais máis altas (Monteagudo, 2017). Así, no ideario popular creáronse dicotomías respecto ao galego e ao castelán do tipo rural/urbano, popular/culto ou informal/formal.

Esta situación é o que Ferguson (1959) denominou diglosia social, un fenómeno relativamente estable que se dá nos contextos bilingües en que unha das linguas está reservada para as funcións altas, a lingua A, e outra para as funcións baixas, a lingua B ou lingua minorizada-no caso que nos atinxe a lingua A correspondería co castelán e a lingua B co galego -.

Todos estes factores, vinculados a diferenzas de status e de prestixio, propiciaron a aparición de prexuízos e de estereotipos lingüísticos que contribuíron a que os falantes asignasen a cada lingua uns determinados usos e funcións. Esta situación diglósica conduciu a un paulatino pero progresivo proceso de substitución lingüística en favor do castelán.

Despois da ditadura franquista, coa chegada da democracia comezou un proceso de recuperación da lingua galega. A Lei de Normalización Lingüística de 1983 e a creación da CRTVG en 1984 contribuíron á consolidación do galego en espazos como a administración, o ensino ou os medios de comunicación, co fin de recuperar falantes e prestixio. Este proceso, que arrincou na década dos 80, é o que se denominou normalización lingüística da lingua galega (Monteagudo, 2017).

Como xa se expuxo anteriormente, as AL son un aspecto esencial á hora de consolidar o repertorio lingüístico dun falante. Neste senso, nun contexto como o é o galego, en que conviven dúas linguas con distinto prestixio, é necesario coñecer as AL dos falantes cara á lingua minorizada para poder traballar a prol dun bilingüismo integrador no que ambas as linguas coexistan.

Neste contexto de recuperación e normalización do galego agromaron no ámbito académico numerosos traballos en relación coas AL. Entre outros, o estudo de Guillermo Rojo *Actitudes y conductas lingüísticas en Galicia* (1981) constituíron unha achega importante neste campo. Trátase dunha investigación de tipo cuantitativo que examina as actitudes e as condutas lingüísticas poñendo o foco na situación sociolingüística de Galicia como exemplo de contexto bilingüe e diglósico. O autor apunta a un aceleramento do proceso de castelanización, que vai gañando cada vez máis ámbitos de uso. En canto ao futuro do galego, Guillermo Rojo considera tres solucións tendo en conta as AL e as condutas dos falantes: a desgaleguización, a descastelanización ou o mantemento da lingua orixinaria (Rojo, 1981:293). Sinala que a situación sociolingüística en Galicia non encaixa totalmente co concepto de diglosia, senón que se axusta co que o autor denomina *diglosia conflictiva*, unha situación inestable que só pode acabar coa vitoria dunha das dúas linguas en conflito (Rojo, 1981:298). Con todo, os resultados

do traballo amosan unha mellora nas actitudes cara á lingua galega respecto ás décadas anteriores.

En 1996, como parte do *Mapa Sociolingüístico de Galicia* (Seminario de Sociolingüística, 1996), presentouse a investigación máis exhaustiva realizada ata o momento neste campo, un estudo cuantitativo sobre as actitudes lingüísticas en Galicia. Este traballo, impulsado pola Real Academia Galega, consistía nun cuestionario de 148 preguntas vinculadas a seis grandes ámbitos:

- Actitudes cara ao uso do galego no ámbito escolar
- Actitudes cara á utilidade, o uso, a transmisión e o futuro da lingua
- Lingua e identidade
- Prexuízos lingüísticos
- A responsabilidade da normalización
- Outras actitudes lingüísticas (galego da zona, da radio, da TV etc...)

Para a recollida de datos os concellos agrupáronse en sectores tendo en conta o número de habitantes e o sector económico dominante (industrial, agrario, pesqueiro...). Os únicos concellos que se estudaron por separado foron as sete cidades: A Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo. Dentro de cada sector, os enquisados tamén foron clasificados de acordo á idade.

Os resultados deste estudo apuntan a unha actitude positiva de maneira xeral cara á lingua galega, pois a media correspondente ao total alcanza 3.6 puntos sobre 5. Non se producen importantes variacións entre os diferentes grupos sociolingüísticos nin entre os distintos sectores económicos. O ámbito no que se revela unha actitude menos favorable cara á lingua galega é o relacionado coa utilidade desta lingua na actividade docente. O aspecto máis relevante das conclusións deste estudo é a mellora das actitudes lingüísticas conforme diminúe o rango de idade. Dado que a rotura da transmisión xeracional é un dos maiores problemas que atangue o galego, o incremento da favorabilidade nas xeracións máis novas constitúe un dato alentador sobre as tendencias evolutivas da lingua.

No traballo de Guillermo Rojo (1981), publicado pouco despois da restauración da democracia, a visión sobre o futuro da lingua galega é moito máis pesimista que a que foi presentada polo Seminario de Sociolingüística (1996) quince anos despois. Malia esta desemeianza no devir do galego, ambos os estudos coinciden en canto á consolidación de actitudes favorables cara á lingua entre os falantes e, ademais, segundo o Seminario (1996), estas aumentan nas xeracións

máis novas. Estes resultados sobre as AL difiren das condutas observadas nos falantes, que demostran unha tendencia ao desuso do galego, especialmente entre a mocidade. Iglesias Álvarez (2012), á vista destes datos, pon en cuestión a relación entre as actitudes e as condutas, pois semella que seguen camiños diverxentes. Ademais, advirte que é necesario interpretar coidadosamente os datos ofrecidos polos estudos cuantitativos, pois moitos dos resultados están condicionados polas respostas do tipo “neutrais” ou “indiferentes”. Isto implica que o grao de favorabilidade non ten porque ser necesariamente elevado, senón que os resultados finais están nesgados pola presenza destes datos neutrais ou indiferentes. Os autores do traballo *O galego segundo a mocidade* (Seminario de Sociolingüística, 2003) tamén consideran que este tipo de estudo de medición directa soamente permite investigar aquelas actitudes que actúan no plano consciente, xa que os enquisados coñecen os obxectivos das probas. Este feito tamén condiciona aos participantes e pode provocar que contesten o que consideran politicamente correcto.

Os estudos cuantitativos propiciaron unha percepción optimista sobre o futuro da lingua que, como xa se mencionou antes, foi rapidamente esborrallada por mor da realidade lingüística e social. Para paliar a visión limitada que proporcionaban este tipo de investigacións comezaron a elaborarse traballos desde unha perspectiva cualitativa co fin de afondar nas actitudes dos falantes.

Moitos dos estudos de corte cualitativo sobre as actitudes lingüísticas en Galicia vinculáronse cos prexuizos. Como foi explicado anteriormente, os prexuizos poden definirse como actitudes hostís que xorden a partir de estereotipos, os cales se identifican con simplificacións da realidade que algúns autores consideran a base das actitudes negativas. A investigadora Iglesias Álvarez elaborou distintos estudos acerca destes fenómenos. Neles chega á conclusión de que os antigos prexuizos cara ao galego seguen vixentes, de xeito que os falantes continúan relacionando esta lingua co atraso e o castelán co progreso (Iglesias Álvarez, 2002). A autora sinala tamén a aparición de novos prexuizos derivados do proceso de normalización lingüística que se traducen nun sentimento de rexeitamento xeneralizado respecto da variedade estándar (2020) . Para Iglesias Álvarez (2012) é indispensable desenvolver actitudes positivas cara á lingua galega para superar os prexuizos.

O feito de que o problema máis grave que atangue o galego é a rotura na transmisión desta lingua (Monteagudo, Nandi e Loredo, 2020), ligado ás diferenzas entre as actitudes e as condutas nos falantes máis novos, contribúe a que gran parte destes traballos estean dirixidos

ás xeracións máis novas. Deste xeito, moitas investigacións poñen o foco sobre as actitudes dos falantes no ensino primario ou secundario. Por exemplo, Couce Rodríguez e Mosquera Castro (2018) elaboraron un estudo sobre as AL na educación primaria e sobre como inflúen nelas a metodoloxía empregada polo profesorado. A recollida de información levouse a cabo principalmente a través de entrevistas tanto estruturadas como non estruturadas – conversas espontáneas - co persoal docente e o alumnado. Os resultados revelan que os alumnos presentan actitudes lingüísticas máis positivas ante métodos de ensino máis innovadores.

Cómpre mencionar outras investigacións que presentan unha metodoloxía híbrida, é dicir, que utilizan e combinan a perspectiva cuantitativa e a cualitativa. É o caso do estudo de Joven Sieira (2016) sobre as AL do alumnado de 4º da ESO de distintos institutos de Pontevedra, cuxa primeira parte consiste nun cuestionario co que se pretenden recoller datos sociolingüísticos. Na segunda parte do traballo a autora utiliza o *matched-guise*, “unha técnica de aproximación indirecta para estudar as actitudes lingüísticas que foi orixinalmente desenvolvida por Lambert” (Joven Sieira, 2016:45). Esta técnica baséase en que os informantes escoiten unha serie de voces que semellan proceder de persoas diferentes, pero realmente son da mesma persoa. O obxectivo deste método é descubrir os prexuízos e estereotipos que están operativos nas mentes dos falantes, pois cada voz consta dunha etiqueta condicionada por variables do tipo “acento” e “lingua”. Os resultados da investigación confirman, de igual forma que o de Iglesias Álvarez (2002), que os prexuízos e estereotipos vinculados á dicotomía urbano/rural seguen vixentes nos falantes.

Outro traballo de gran relevancia para o estudo e coñecemento das AL en Galicia foi o informe do Consello da Cultura Galega sobre Prácticas e actitudes lingüísticas da mocidade en Galicia (2017). A primeira parte deste traballo comprende un cuestionario, mentres que a segunda consiste en grupos de discusión. Mediante esta metodoloxía híbrida, os autores buscan comprender as razóns que se atopan detrás da rotura da transmisión lingüística. Malia que os mozos entrevistados non acharon ningunha explicación, o informe revelou o desligamento entre as ideoloxías lingüísticas e o comportamento lingüístico, considerando este último como unha consecuencia da lingua herdada no eido familiar. Adicionalmente, o estudo releva un maior aprecio pola lingua inicial entre a xente nova e unha actitude máis favorable cara ao galego nos galegofalantes habituais.

Con todo, a diminución no número de mozos que falan galego non é un problema illado, senón que deriva noutras circunstancias preocupantes como a perda de competencias. Estudos

recentes (Loredo, Vázquez Grandío, 2022) demostran que o alumnado nos primeiros niveis de ensino presenta de forma xeneralizada unha baixa competencia en lingua galega, tanto aquel procedente de familias galegofalantes como castelanfalantes. Este traballo revela tamén que o 30% teñen unha actitude indiferente ante o galego e son os alumnos con menos contacto con esta lingua os que mostran AL máis negativas cara á lingua. Outro dos estudos que confirma unha menor competencia en lingua galega que en lingua castelá é o realizado polo Seminario de Sociolingüística (2020) con alumnado de 4º da ESO.

4. Proposta didáctica

4.1. Contexto

No ensino e aprendizaxe de linguas as AL xogan un papel moi relevante en dúas direccións. Por unha banda, unha actitude positiva cara á lingua conducirá a lograr mellores resultados. Por outra banda, o éxito nos resultado propiciará o desenvolvemento de AL positivas. Ademais, as AL inflúen na motivación integrativa (Gardner e Lambert, 1972), un factor que determinará o grao de aprendizaxe da lingua ao representar o desexo de aprender e o esforzo posto no proceso.

Ante a situación sociolingüística do galego, caracterizada pola rotura da transmisión xeracional e a diminución do dominio da lingua, é necesario propiciar o desenvolvemento de AL favorables na xente nova para combater a escasa competencia. O ensino, como servizo público, debe paliar os efectos do contacto limitado do alumnado coa lingua galega fóra do contexto escolar, así como desenvolver estratexias innovadoras para asegurar o asentamento de AL positivas. Estas AL positivas contribuirán a mellorar as competencias no idioma co fin de conservar a lingua galega.

En consecuencia, a seguinte proposta didáctica ten como obxectivo fomentar actitudes lingüísticas positivas para a lingua galega. Para a súa elaboración tomouse como referencia a unidade creada por Ana Iglesias Álvarez (2009) cuxo eixe vertebrador é o documental *Linguas Cruzadas*. Así, do mesmo xeito que a unidade de Iglesias Álvarez, esta proposta tratará de facer reflexionar ao alumnado sobre os prexuízos e estereotipos que ten sobre a lingua e ampliar o seu coñecemento acerca dos espazos aos que se estende o galego mediante exercicios de reflexión metalingüística.

Nesta proposta, o eixe temático será a lingua galega en Internet e nas redes sociais. Escolleuse este tópico xa que estas tecnoloxías son ámbitos cos que as novas xeracións están

profundamente familiarizadas, o que pode constituír un factor estimulante para o alumnado ao contar cun certo grado de dominio neste campo, en moitos casos maior que o do profesorado.

4.2. Persoas destinatarias

A proposta didáctica está pensada para o ensino secundario, en concreto para alumnado de 3º e 4º da ESO que posúe un dominio da lingua que lle permite intervir nun conxunto variado de situacións. As actividades están deseñadas para un grupo de aproximadamente 20 alumnos.

Adicionalmente, os centros nos que se recomenda implementar esta proposta son aqueles localizados en zonas máis castelanizadas. Como demostra o estudo de Loredó e Vázquez Grandío (2022) mencionado anteriormente, o alumnado con menos contacto co galego é o que presenta as AL máis negativas, polo tanto cómpre priorizar o desenvolvemento de AL favorables nos centros das áreas menos galeguizadas.

4.3. Obxectivos

Os obxectivos que persegue esta unidade con respecto aos aprendentes son os seguintes:

1. Profundar os coñecementos sobre os estereotipos e os prexuizos lingüísticos.
2. Recoñecer os estereotipos e os prexuizos lingüísticos na rede.
3. Reflexionar sobre a situación sociolingüística de Galicia e os principais prexuizos cara ao galego.
4. Reflexionar sobre a autopercepción da lingua.
5. Explorar os espazos nos que se pode atopar galego nas redes e en Internet.
6. Identificar as diferentes variedades lingüísticas do galego.
7. Coñecer os diferentes decretos para o ensino do galego.
8. Crear un podcast no que se demostre o coñecemento sobre os estereotipos e os prexuizos lingüísticos.
9. Adquirir a capacidade de filtrar información na rede

4.4. Contidos

A unidade didáctica aborda como contidos principais os estereotipos e os prexuizos lingüísticos, concretamente aqueles vinculados con Galicia e coa lingua galega. Estes elementos funcionan como eixes vertebradores do conxunto da unidade, a cal se presenta organizada en bloques, dos cales cada un dos cales trata un dos principais prexuizos cara ao galego.

Considerando o *Decreto 156/2022, do 25 de xuño, polo que establece o currículo da ESO e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia* para a materia de Lingua Galega e Literatura, esta proposta contribúe ao desenvolvemento do primeiro bloque, *As linguas e os seus falantes*, de 3º e 4º curso, no senso en que garda relación cos contidos de “Análise da propia biografía e da diversidade lingüística do alumnado do centro e da localidade” e “Desenvolvemento da reflexión sociolingüística. Exploración e rexeitamento de prexuízos e estereotipos lingüísticos”.

Tendo en conta as actividades *El gallego cerrado e Costa Feira*, tamén participa no bloque anterior ao poder vincularse cos contidos de “Diferenzas entre os trazos dialectais, os sociolectos e os rexistros” e “Indagación sobre os dereitos lingüísticos e a súa expresión en leis e declaracións institucionais”. Ademais, o exercicio *Como se di...?* encádrase no cuarto bloque de 3º curso denominado *Reflexión sobre a lingua*, pois aproxímase ao contido de “Procedementos de adquisición e formación de palabras”

A relación entre as actividades e o material obtido da rede, así como a elevada porcentaxe de produción oral e escrita derivada desas actividades, conecta co bloque de Comunicación de ambos os dous cursos, en canto a que se vinculan cos “Procesos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais”.

4.5. Metodoloxía

Na metodoloxía adoptada para esta proposta o alumnado constitúe o centro de todo o proceso de ensino-aprendizaxe. A maior parte das actividades son de carácter indutivo, polo que están deseñadas para que o alumnado formule os conceptos ou principios a partir da observación. Así, a información non se ofrece de maneira directa, senón que son os estudantes os que exploran para construír o seu propio entendemento e reflexións. Con todo, no caso dos dous conceptos centrais da unidade – os estereotipos e os prexuízos lingüísticos –, unha vez realizada a actividade ofrécese un pequeno soporte teórico. En canto ao papel do docente, este actuará como guía nas actividades, brindando o material e apoio necesario para potenciar unha aprendizaxe autónoma.

As actividades baséanse en elementos que se poden atopar en Internet, especialmente nas redes sociais. Así, o alumnado colócase nunha área na que xa ten dominio e aprende a extraer dela os recursos necesarios para adquirir coñecementos didácticos. Por unha banda, coas actividades individuais búscase fomentar a autorreflexión e a capacidade de expresarse na escrita de forma clara e concreta. Por outra banda, as actividades grupais están orientadas a fomentar a

aprendizaxe cooperativa, a investigación na rede e a capacidade do alumnado para filtrar a información obtida. Ademais, estes exercicios poñen o foco na mellora da expresión oral e da destreza argumentativa, pois implican establecer conversas e crear debates para poder resolver a actividade.

A unidade didáctica articúlase en nove bloques, dos cales o primeiro corresponde cun cuestionario previo para que o alumnado sexa consciente do seu perfil sociolingüístico e do seu coñecemento sobre as redes. Os bloques entre o 2 e o 6 incluídos levan un título vinculado cun dos principais prexuízos cara á lingua galega, de xeito que as actividades están dirixidas a desmontar ese prexuízo. O bloque 7 é un exercicio de repaso e no bloque 8 preséntase a tarefa final, que consiste na gravación dun *podcast*. Por último, o bloque 9 consiste nun cuestionario de autoavaliación para que o alumnado reflexione sobre a propia tarefa.

En canto ao tempo estimado para o desenvolvemento da proposta, está pensada para ter unha duración de oito sesións, tendo en conta que cada unha é de 50 minutos. O bloque 1, pola súa natureza de cuestionario previo, realizaríase nunha sesión anterior a modo de introdución. O corpo das actividades, representado polos bloques entre o 2 e o 8, levaríase a cabo en sete sesións e, o bloque 9, que corresponde coa autoavaliación, tería lugar ao final da última sesión.

4.6. Desenvolvemento

Bloque 1. Actividades iniciais

a. Creación do meu perfil sociolingüístico

En primeiro lugar, empezárase facendo un exercicio de reflexión metalingüística que consistirá nunha serie de preguntas co fin de que os alumnos deseñen o seu perfil sociolingüístico. As respostas cubriranse por escrito e de xeito individual. Ademais, estas respostas servirán como base para reflexionar sobre aspectos que se tratarán posteriormente.

- Cal foi a primeira lingua que aprendiches?
- Actualmente, que lingua ou linguas falas?
- Se nalgún momento deixaches de usar unha lingua e pasaches a usar outra, cando cres que cambiaches e por que?
- Que lingua ou linguas utilizan os teus pais? Nalgún momento modificaron os seus hábitos lingüísticos?
- No lugar onde vives, que linguas se falan? Cal se fala máis?
- Ese lugar identificaríalo como unha aldea, unha vila ou unha cidade?

- Para castelanfalantes: que significa para ti o galego? Utilízalo nalgunha situación? En cal ou cales?
- No caso de utilizar ambas as linguas, marca na seguinte táboa en que ámbitos as utilizas:

	Familia coa que convivo	Familia (en xeral)	Amizades	Coñecidos	Profesores
Galego					
Castelán					

	Cando me falan en galego	Cando me falan en castelán
Galego		
Castelán		

Que lingua cres que utilizas máis?

- Que lingua cres que se fala máis en Galicia?
- Cres que existe un conflito lingüístico?
- Como cres que será o futuro para o galego?

b. O galego en Internet e nas redes sociais

- Que é unha rede social? Cales utilizas?
- Que lingua utilizas nas redes sociais?
- En que lingua consumes contidos en Internet? É dicir, cando ves vídeos en Youtube ou en Twitch, cando les X... En que lingua o fas?
- Coñeces algún creador de contido en galego? Se a resposta é positiva, quen e que plataformas utiliza?

A seguir, debate cos teus compañeiros a resposta ás seguintes preguntas. Intentade poñer en común algunha información sobre os contidos que consumides en galego.

- Como percibes a presenza do galego nas redes?
- Pareceche suficiente?
- Pareceche que hai moitos ou poucos contidos?

Domínguez e Ramallo (2012) realizaron unha investigación sobre a mocidade e as redes sociais nas que obtiveron os seguintes resultados acerca da percepción da xente nova sobre o galego na rede:




Figura 1. Opinión da mocidade sobre a presenza do galego na rede. Obtido de Domínguez e Ramallo (2012)

- Que opinas sobre estes resultados? Son semellantes ás conclusións as que chegastes vós?

No traballo de Domínguez e Ramallo (2012) tamén analizaron en que plataformas se utiliza cada lingua e conseguiron a seguinte información:




Figura 2. Lingua utilizada nas redes sociais. Obtido de Domínguez e Ramallo (2012)

Como se pode observar, a estatística queda desfasada xa que Tuenti é inexistente como rede social na actualidade. Que plataforma cres que é a que utiliza máis galego hoxe en día?

Busca información sobre as linguas máis faladas do mundo e que lugar ocupa o galego entre elas. Respecto ás linguas máis utilizadas en Internet, que posto cres que ten o galego? A Real Academia Galega ofrece a seguinte resposta:

- “O galego encóntrase entre as 30 linguas máis usadas na internet no mundo, por diante de linguas que o triplican ou quintuplican en número de falantes. No que atinxe á Wikipedia, atendendo á calidade, a Galipedia ocupa o posto número 36; segundo o número de artigos, o número 43 -tendo en conta que non se empregan robots para a edición, mentres outras linguas si o fan- e, por último, ocupa o posto 33, segundo o número de artigos por número de falantes”. Información ofrecida na páxina da Real Academia Galega.

Tempo estimado: 50 minutos.

Bloque 2. O galego só o fala xente maior e só se fala na aldea

Actividade nº 1. A muller galega

a) En 2023 o laboratorio de investigación sobre intelixencia artificial Midjourney presentou unha serie de imaxes¹ xeradas artificialmente que representan – supostamente – as mulleres de cada comunidade autónoma do Estado español. Por exemplo:

1. Cataluña



¹ Obtidas de Holgado (2023)

2. País Vasco



3. La Rioja



4. Navarra



5. Murcia



6. Castela e León



7. Canarias



8. Andalucía



A imaxe coa que se representa a **muller galega** é a seguinte:



- Que diferenzas se poden observar entre esta imaxe e as anteriores?
 - Que idea sobre a muller galega transmite esta imaxe? Estás de acordo con ela?
- Estas xeneralizacións e simplificacións da realidade son o que se coñece como **estereotipos**. Os estereotipos baséanse na división dun grupo en clases en función de diversos criterios. A cada clase sonlle asignadas determinadas características que a fan opoñerse ás outras. Este proceso é o que se coñece como **categorización** (Iglesias Álvarez, 2009).
- Que estereotipo se pode inferir desta imaxe?
- b) Observa detidamente o vídeo de Tiktok² publicado por Xurxo Carreño e contesta as preguntas:
- Como xustifica Eva que non sabe falar galego?
 - Onde afirma que se fala máis galego?
 - Que idea sobre a lingua transmite dicindo iso?

Comenta as respostas cos teus compañeiros para discutirvos se estades de acordo con Eva ou non.

² <https://vm.tiktok.com/ZGen4sBsM/>

- Cales son as zonas de Galicia nas que se fala máis galego? E menos?

Por parellas buscade a información necesaria para contestar á pregunta. Para atopar estes datos será necesario acudir á páxina do Instituto Galego de Estatística (https://www.ige.gal/web/mostrar_actividade_estadistica.jsp?codigo=0206004), unha ferramenta moi útil, xa que permite seleccionar diferentes parámetros a partir dos cales elaborar gráficas.

c) Nas conclusións extraídas dos apartados a) e b) é posible establecer algúns puntos semellantes. En que se parecen estas conclusións?

No apartado a) atopámonos ante un estereotipo sobre a muller galega. Que ocorre no apartado b)? Trátase do mesmo fenómeno?

Cando se leva a cabo unha interpretación errónea dos estereotipos aparece o prexuízo. O prexuízo lingüístico xorde cando as características aplicadas ao grupo de falantes se estenden á lingua en si mesma e, posteriormente, a cada un dos falantes individuais desa lingua (Iglesias Álvarez, 2009).

- Cal é o prexuízo lingüístico que se atopa detrás do vídeo anterior?
- Como se vincula co estereotipo do apartado a)?
- Que aparece primeiro, o prexuízo ou o estereotipo?

Tempo estimado: 50 minutos.

Actividade nº 2. En que lingua falan?

Esta actividade está inspirada na nunha das estratexias de avaliación das actitudes que se utiliza na investigación impulsada pola Real Academia Galega (2003) sobre as actitudes na mocidade. Esta estratexia baséase á súa vez na técnica de *matched guise*, deseñada inicialmente por Lambert (1967). Esta técnica constitúe un método alternativo para medir as actitudes lingüísticas que non é tan directa como os cuestionarios. Tamén permite analizar os estereotipos involuntarios que se manifestan na mente dos falantes.

Con todo, este exercicio non se corresponde totalmente con esta estratexia, senón que se trata dunha adaptación ou simplificación. O obxectivo desta actividade é descubrir se os atributos físicos dun falante serven para outorgarlle determinadas características lingüísticas (Seminario de Sociolingüística, 2003). Así, ofreceranse fotos de distintos creadores de contido de orixe galega e terán que dicir se se trata dunha persoa galegofalante ou castelanfalante.

a) As seguintes fotos obtidas de Instagram corresponden con creadores de contido nados en Galicia. Observando as fotografías, cal dirías que é galegofalante e cal castelanfalante?
Despois, compara as respostas entre os compañeiros. Coincidides nas respostas?

1. @grtamara



2. @todomal.va



3. @maandayo



4. @rebecastones



5. @guanyarr



6. @neumatiko



7. olaxonmario



8. @ouke_gal



9. @prado_rua



b) Reflexionade sobre os motivos que vos levan a realizar este tipo de asociacións e comentádeos co voso compañeiro de pupitre.

c) Coñeces algún destes creadores de contido? Cal ou cales?

Escolle un perfil galegofalante que non coñecías (se sabías de todos, o que máis che guste) e realiza unha investigación sobre o contido que publica. Despois, elabora unha pequena

redacción (entre cinco e dez liñas) na que expliques que tipo de contido comparte, por que escolliches ese perfil e que foi o que máis che gustou del.

Tempo estimado: 30 minutos.

Bloque 3. Os galegos falan cantando

Actividade nº 1 . O fenómeno do acento galego

Busca en Tiktok e en X “accento galego”. Na aula comentaranse os resultados obtidos da busca para contestar as estas preguntas:

1. Cal é a impresión xeral sobre o acento galego?
2. É positiva ou negativa?
3. Atopaches algunha similitude ou diferenza entre a opinión dos galegos e a das persoas que non son de Galicia?
4. Que opinas ti sobre o acento galego?
5. Cres que tes acento galego?
6. Como definirías o concepto de *accento*?

Actividade nº 2. *El gallego cerrado.*

Nun chío de 2018, @alicia_gadi di o seguinte sobre a dobraxe de Mérida na película *Ralph rompe Internet* de Disney: “Aunque la actriz de doblaje sea catalana, pienso que a Mérida le pegaría más el **gallego cerrado**. Galicia comparte mucha más cultura con Escocia que la península entera”.

1. Que entendes por *gallego cerrado*?
2. Colorea no seguinte mapa as zonas de Galicia nas que cres que se fala o *gallego cerrado*.



Figura 3. Mapa de Galicia. Obtido do Servizo Galego de Saúde (2024)

3. Faláse igual en toda Galicia?

- As variedades dialectais son formas específicas dunha lingua que se caracterizan por teren uns trazos lingüísticos condicionados pola zona xeográfica que as diferencian do resto. En galego existen tres grandes variedades: occidental, central e oriental.

4. Os seguintes audios están tirados do proxecto *A Nosa Fala* (2024). Saberías dicir en que bloque localizas cada un?

a) https://culturagalega.gal/mp3/a_nosa_fala/03-10.mp3

b) https://culturagalega.gal/mp3/a_nosa_fala/01-06.mp3

c) https://culturagalega.gal/mp3/a_nosa_fala/02-09.mp3

5. Cal deses audios é máis próximo á túa idea de *gallego cerrado*?

6. Cres que existe algún prexuízo detrás do concepto de *gallego cerrado*? De ser a resposta positiva, cal ou cales? Xustifica a túa resposta.

7. Visita a páxina do proxecto *A Nosa Fala* (https://culturagalega.gal/pruebas/anosafala/etnotexto.php?bloque=Oriental&cod_etntxts=19). De que anos son os audios?

8. Cres que actualmente o galego é semellante ou que xa non se fala así?

9. Reflexiona sobre os motivos que te levaron a esa resposta. Posteriormente comentarase na aula.

Tempo estimado: 40 minutos.

Bloque 4. O castelán abre máis portas que o galego

Actividade nº 1. Premios Youtubeiras

A) @CastroMarto publicou o seguinte chío en 2018 como resposta a un rapaz que publicaba os seus chíos en galego: “Pero hombre. Gabriel Tocayo, habla en castellano para que nos entendamos todos. O es que si hablas o escribes para los gallegos?”

O creador de contido @mandayo xustificou facer o seu contido en castelán con este comentario en TikTok: “Es la suerte de saber hablar varios idiomas y ser respetuoso con todo el mundo para que entienda, se llama comprensión”.

1. Cres que é irrespectuoso coas persoas que non saben galego compartir contido nesta lingua?
2. Un dos *streamers* máis coñecidos do mundo é @ninja. Cres que é irrespectuoso pola súa parte falar inglés cando a lingua máis falada do mundo en número de falantes nativos é o chinés mandarín? Cres que tería menos éxito se a lingua que utilizase fose unha con menos falantes, como o español?
3. Na túa opinión, é certo que co castelán hai máis posibilidades de éxito nas redes que co galego?
4. Se agora te converteses nun creador de contido, que lingua utilizarías? Galego ou castelán?
5. Reflexiona sobre os motivos que te levaron a responder as dúas preguntas anteriores e coméntaos na aula.

B) Os Premios Youtubeiras son unha iniciativa nada co obxectivo de difundir e incentivar a creación de vídeos en galego na plataforma de Youtube. No ano 2023 celebrou a súa sétima edición. Visita a súa páxina (<https://youtubeiras.gal/proxecto/gl/>) e investiga sobre as diferentes categorías que se premian.

C) Agora, entre todas e todos tócovos organizar uns premios semellantes pero non só limitado a Youtube. É dicir, tedes que incluír contido doutras plataformas, como Instagram ou Tiktok, polo que é necesario reformular as categorías que se premiarán. Podedes inspirarvos noutros premios deste carácter como os Esland que organiza TheGrefg (con categorías como *mellor clip*, *mellor enfado* etc). Como se trata dunha actividade que require bastante organización, os pasos a seguir serán os seguintes:

1. Nome dos premios

Cada persoa ten que propoñer un nome para os premios. Despois, realizarase unha votación na aula para elixilo.

2. Escolla das categorías

Na aula terá lugar un debate sobre que categorías se deberían incluír nos premios. É necesario que cada persoa expoña argumentos para defender a súa postura. Teranse que escoller entre 6 e 8 categorías.

3. Escolla dos finalistas en cada categoría

Como nas redes hai moito contido, será necesario dividir o traballo a realizar. Así, organizádevos en grupos de tres para escoller os finalistas de cada unha das categorías que foron designadas anteriormente. Débense escoller tres finalistas para cada sección.

4. Votación e escolla dos finalistas

Os candidatos exporanse na aula e realizarase unha votación para designar o gañador de cada categoría. Unha vez escollido, os responsables de cada unha das categorías terán que elaborar un pequeno informe no que xustifiquen a concesión do premio. O texto non debe sobrepasar as dez liñas e ten que incluír os aspectos positivos que levaron a ese candidato a gañar o premio.

Tempo estimado: 75 minutos.

Bloque 5. O galego estase impondo e isto atenta contra a liberdade individual

Actividade nº 1. Galicia Bilingüe.

Observade este vídeo no que se entrevistan a algunhas persoas que asistiron á manifestación de Galicia Bilingüe en 2009³. O obxectivo desta manifestación era protestar polo Decreto de Educación que establecía un repartición 50/50 entre galego e castelán no ensino. Anotade os principais prexuízos cara á lingua galega que se poden atopar no vídeo e contestade as preguntas:

1. Que opinan en xeral as persoas que aparecen neste vídeo sobre o galego no ensino?
2. Que prexuízo se esconde detrás da opinión destas persoas?
3. Poderías relacionar este prexuízo con algún dos que vimos anteriormente?

³ <https://www.youtube.com/watch?v=xRLsC3hayGQ>

- A normativa coa que están en desacordo é a de 2007. Actualmente o ensino galego réxese pola de 2010. Consulta na páxina do DOG, o Documento Oficial de Galicia, estes dous Decretos (Decreto 124/2007 e Decreto 79/2010).
- 4. Cales son as diferenzas principais entre estas dúas normativas? Pon especial atención nos artigos 1, 15 e 18 de ambos os Decretos. Ademais, analiza o artigo vinculado coa Educación Infantil, o cal corresponde co artigo 7 do Decreto de 2007 e co artigo 5 do Decreto de 2010.
- 5. Cal cres que é máis axeitada? Por que?
- 6. Este vídeo é de 2009. Cres que na actualidade seguen vixentes estes prexuízos?

Tempo estimado: 50 minutos.

Bloque 6. O galego normativo é artificial

Actividade nº 1. #DigochoEu

Consulta os vídeos que comparte @DigochoEu en Instagram e en TikTok.

1. Cal é o obxectivo da conta?
2. Cal é a túa opinión sobre o galego normativo?
3. Cres que nas redes é necesario falar galego normativo?

O Galitwitter ou GaliX é un espazo creado nesta rede social pola comunidade galega que comparte chíos ou contidos en galego. Consulta o chamado Galitwitter ou GaliX.

4. Cres que hai máis chíos escritos en galego estándar ou sen el? Por que?
5. Se escribes chíos en galego ou no caso de que foras escribilos, faríalo en estándar ou non?

Actividade nº 2. Costa Feira

Desde o ano 2023 en Sanxenxo celébrase un festival chamado Costa Feira que ofrece concertos de artistas moi coñecidos sobre todo a nivel español, como Natos y Waor, Taburete, Iván Ferreiro etc. No ano 2023 fixeron unha promoción en Instagram que consistía nunha serie de textos a modo de poema. Un dos fragmentos que subiron dicía o seguinte:

“Suenan las campanas, es la hora de despertar

Pan de millo, la ría está viva, aromas que no se olvidan.

O cheiras?

Ahí donde hasta el tiempo

perde su noción.

Un clima, la costa, la vida del pueblo.

Vibra contagiante.”

O título da publicación era o seguinte: *O facemos con estilo o non se fai. Verano 2023.*

1. Subliña os fragmentos que te chamen a atención. Pode ser por motivos temáticos, gramaticais etc. A seguir, eses fragmentos serán comentados na aula e colocados nunha listaxe.
2. Na actividade anterior reflexionouse sobre se é necesario utilizar o galego estándar nas redes sociais. Neste caso, non se trata dunha simple publicación, senón dunha promoción dun festival. A túa resposta sobre a necesidade de escribir en galego estándar é a mesma? No caso de que sexa distinta, por que cambiou?
3. Ademais da cuestión do galego estándar, con que fenómeno visto anteriormente se pode relacionar esta publicación? Por que?

Actividade nº 3. Como se di...?

No ámbito das redes sociais e de internet existen moitas palabras que se utilizan directamente en inglés, como é o caso da palabra *podcast* que apareceu nun dos exercicios anteriores. Estas palabras adoitan tardar máis en ser aceptadas no galego normativo e en moitos casos os responsables de levar a cabo as propostas normativas teñen que decidir se propoñer unha palabra semellante á de orixe ou unha nova.

En conxunto, create unha listaxe con todas as palabras que entran do inglés sen seren traducidas.

Por grupos de catro, escollede tres desas palabras e propoñede unha forma para dicilas en galego. Estas son algunhas recomendacións que podedes ter en conta:

- A palabra pode ser orixinal, é dicir, crear un termo que sexa posible no galego, por exemplo: *crossover – trama cruzada*
- Podedes buscar como se di noutros idiomas, como en castelán, catalán, francés etc...
- Se existe, pódese facer unha tradución literal da palabra.

Tempo estimado: 50 minutos.

Bloque 7. Actividade de repaso

Actividade nº 1. Kahoot

Para repasar o aprendido sobre os prexuízos e os estereotipos nas actividades anteriores, farase un Kahoot sobre os contidos que foron tratados. As tres persoas que obteñan a mellor puntuación obterán un premio: un libro, un caderno ou un bolígrafo. A persoa coa maior puntuación escollería primeiro, despois a segunda e por último o terceiro.

As preguntas realizadas teñen como fin comprobar se o alumnado comprendeu os fenómenos dos prexuízos e dos estereotipos, as diferenzas entre eles e cales son os principais prexuízos que existen cara á lingua galega.

Tempo estimado: 20 minutos.

Bloque 8. Actividade final

Creación dun *podcast*

O obxectivo desta actividade é mellorar a competencia oral e fomentar o traballo en equipo. Tamén se busca que o alumnado poña en práctica os coñecementos adquiridos. En primeiro lugar o alumnado organizarase en grupos de tres persoas para traballar. Crear un *podcast*, máis concretamente, un episodio dun *podcast*, é unha tarefa complicada que require certa preparación, polo que se realizarán algúns exercicios previos.

a. Preguntas iniciais

- Que é un *podcast*?
- Aoitades escoitar *podcast*? Se a resposta é afirmativa, cal ou cales?
- Escoitades algún *podcast* en galego? Se a resposta é afirmativa, cal ou cales?

b. Selección do tema

A temática sobre a que tratará o *podcast* terá que estar relacionada co visto nos exercicios anteriores, é dicir, cos estereotipos e os prexuízos lingüísticos. Cada grupo escollerá un dos prexuízos cara ao galego que se estudaron na proposta e non se poderán repetir nos diferentes grupos.

O *podcast* non debe consistir unicamente nunha exposición sobre información acerca dalgún dos temas, xa que se trata de desenvolver unha conversa fluída. Polo tanto é conveniente que os membros se fagan preguntas entre eles, leven a cabo algún debate ou discusión, contén anécdotas que poidan resultar divertidas etc.

c. Distribución de roles

Co fin de evitar o descontrol, un dos integrantes do grupo terá que funcionar como moderador. Isto non quere dicir que a persoa designada soamente poida intervir para “moderar”, é dicir, para dar a palabra, cortar a alguén que fala demasiado, cambiar de tema etc. Ten o mesmo papel que o resto dos membros do grupo, pero en adición o moderador será a persoa que guíe a conversa seguindo o guión.

d. Guión e preparación do contido

Antes de gravar o *podcast* cada grupo deberá recadar información sobre o seu tema e investigalo a fondo. Unha vez recollidos suficientes datos, é hora de elaborar un guión. Non se trata de que cada alumno escriba o que vaia dicir, senón que o guión debe funcionar como guía dos temas que se van tratar e contemplar o tempo que se prolongará cada punto do guión.

e. Gravación do *podcast*

Neste punto terá lugar a gravación do *podcast*, que se realizará cun teléfono móbil e soamente se recollerá o son, non a imaxe. O tempo estimado é entre 15 e 20 minutos como máximo.

f. Edición do audio

Unha vez gravado o audio, o grupo debe editalo para eliminar pausas longas, erros, partes innecesarias... Tamén se pode intentar mellorar a calidade do audio, axustando o volume ou eliminando ruídos.

Unha vez realizados os *podcast*, enviaranse ao resto de grupos. Cada alumno deberá escoitalos na casa e a semana seguinte realizarase unha votación - de xeito individual - para escoller o favorito. Non se pode votar polo propio traballo do grupo. O *podcast* que sexa seleccionado como o favorito recibirá como premio un vale de 30 euros para a cafetería.

Tempo estimado: 90 minutos.

Bloque 9. Autoavaliación

- Que conceptos principais aprendiches nesta proposta?
- Coñecías eses conceptos ou resultaron novos para ti?
- Como se relaciona esta unidade cos teus coñecementos previos?
- Cres que melloraches algunha das túas competencias en lingua galega?
- Houbo algo que atopaches difícil de entender? O que?

- Que parte da unidade che resultou máis interesante? Por que?
- As actividades resultaron interesantes ou aburridas maioritariamente?
- Que actividades che gustaron máis e cales menos?
- Consideras innovadoras as estratexias utilizadas?
- Incluirías algún aspecto adicional nesta unidade?
- Que aspectos da proposta poderían mellorarse?
- Como avaliarías o teu desempeño nesta unidade nunha escala do 1 ao 10?
- Farías algo diferente a próxima vez?
- Nunha escala en que 0 = moi insatisfeito e 5 = moi satisfeito, como puntuarías a túa impresión respecto á proposta?

Tempo estimado: 20 minutos.

4.7. Avaliación

Para medir a eficacia do proceso de ensino e aprendizaxe da proposta didáctica teranse en conta as porcentaxes presentadas na seguinte táboa:

Actividades	45%
Actividade final	25%
Actitudes e participación	30%

As actitudes e a participación teñen un gran peso na avaliación, xa que o obxectivo último desta unidade é fomentar actitudes lingüísticas favorables cara á lingua galega. A importancia da participación está relacionada co desenvolvemento de destrezas orais.

5. Conclusión

O estudo das actitudes lingüísticas ten a súa orixe psicoloxía social. O auxe da sociolingüística na segunda metade do século XX propiciou a transferencia deste concepto da psicoloxía ao ámbito da lingüística da man de Gardner e Lambert (1972). Os posteriores estudos sobre as actitudes elaborados neste campo revelan a vinculación deste fenómeno con outros ámbitos de estudo da lingüística (Janos, Huguet, Janés, Lapresta, 2015) como o cambio lingüístico, a política lingüística ou a didáctica de linguas.

Así, as AL, como calquera outra actitude, constitúen un fenómeno complexo tanto desde a perspectiva da súa composición como da súa relación co individuo. As diversas perspectivas

en canto á natureza das actitudes, representadas principalmente polo enfoque mentalista e o condutista (Agheyisi e Fishman, 1970), dificultan a súa caracterización. En relación á súa estrutura interna, están formadas por tres compoñentes: un cognitivo, un afectivo e un conativo. A súa interacción moldea as percepcións e as valoracións que o falante ten sobre a lingua polo que, en consecuencia, estes tres elementos repercutirán sobre a consolidación do seu repertorio lingüístico.

No campo da didáctica de linguas os estudos de Gardner e de Lambert (1985, 1972) revelan a importancia das AL como un factor fundamental para o desenvolvemento da motivación integrativa, elemento que á súa vez será determinante para alcanzar un dominio óptimo da lingua nos procesos de ensino e aprendizaxe.

No contexto galego, desde a instauración da democracia leváronse a cabo numerosos estudos de tipo cuantitativo sobre as actitudes lingüísticas en Galicia. Os bos resultados conseguidos (Seminario de Sociolingüística, 1996) fomentaron unha ollada optimista sobre o futuro da lingua, que rapidamente resultou minguada por mor da realidade lingüística: unha continua perda de falantes, especialmente entre a xente nova. Os estudos de carácter cualitativo elaborados por autoras como Iglesias Álvarez (2002, 2012) demostraron a vixencia dos antigos prexuízos contra a lingua galega. Deste xeito, identifícase como o problema máis grande que atravesa a lingua galega a rotura da transmisión xeracional. Traballos posteriores (Loredo, Vázquez Grandío, 2022) agravan esta circunstancia ao revelar a perda de competencias en lingua galega nas xeracións máis novas.

O sistema educativo, especialmente nas situacións de contacto lingüístico, constitúe unha ferramenta indispensable para asegurar unha aprendizaxe efectiva das linguas. No caso de Galicia, que presenta zonas moi castelanzadas, é esencial que a educación desenvolva a función reequilibradora e compensatoria que debería ter en calidade de servizo público, de xeito que garanta a adquisición dun dominio óptimo da lingua galega incluso na ausencia dun contacto frecuente con ela fóra do ámbito escolar.

Neste senso, a aprendizaxe dunha lingua non consiste unicamente na obtención de coñecementos sobre a gramática e a literatura. A aprendizaxe efectiva dunha lingua implica que o falante sexa capaz de utilizala en diversidade de situacións. Corenta anos despois da inclusión do galego no ensino, o número de falantes e o grao de dominio da lingua do sector xuvenil é cada vez máis reducido.

Para fomentar o uso do galego nas xeracións máis novas é necesario que a mocidade desenvolva actitudes lingüísticas positivas cara a este idioma. Con este fin, no contexto educativo deben deseñarse estratexias didácticas innovadoras que motiven o alumnado a utilizar a lingua galega. Para isto cómpre desmontar os prexuízos activos nas mentes dos estudantes e demostrarlles o valor da lingua como patrimonio cultural como ferramenta de comunicación.

Nesta liña, empregar Internet e as redes sociais, tal e como facemos na proposta didáctica, supón un factor atractivo para o alumnado ao tratarse dun tema contemporáneo e presenta na súa vida cotiá. Ao mesmo tempo a proposta concíbese para que os alumnos desenvolvan habilidades que lles permitan utilizar as novas tecnoloxías de forma óptima. En definitiva, o feito de que os estudantes investiguen o uso do galego na rede permitiralles recoñecer a diversidade de espazos nos que está lingua está presente e evidenciará o potencial do idioma para alcanzar unha notable expansión e relevancia.

6. Referencias bibliográficas

A Nosa Fala: <
https://culturagalega.gal/pruebas/anosafala/etnotexto.php?bloque=Central&cod_etntxts=3
>

Agheyisi, R. / Fishman, J. A. (1970): “Language Attitude Studies : a Brief Survey of Methodological Approaches”, *Anthropological Linguistics* 12 (5), 137-157.

Allport, G. W. (1935). “Attitudes”, en C. Murchison (ed.), *A Handbook of Social Psychology*. Clark University Press, 798–844.

Ayora, M. e Mohamed, F. (2014): “El valor predictivo de las actitudes lingüísticas en la educación primaria en una comunidad de habla: el caso de los hablantes de dariya en Ceuta”, *Tonos digital* 26, 1-15.

Baker, M. C. (1992): *Attitudes and Language*. Clevedon: Multilingual Matters.

Bernabé Muñoz, L. (2021): *Las actitudes lingüísticas de hablantes de español septentrional hacia la variedad meridional según los estereotipos ligados a la figura de “el andaluz”*. Universidade de Salamanca.

- Carranza, M. (1982): “Attitudinal research on Hispanic language varieties”, en E. B. Ryan / H. Giles (eds.), *Attitudes towards Language Variation. Social and Applied Contexts*. Londres: Edward Arnold, 63-83.
- Chamorro Mejía, M. (2021): “Actitudes lingüísticas, revisión teórica y repercusiones en la enseñanza de lenguas extranjeras”, *Cuadernos de Lingüística Hispánica* 37, 1-15.
- Couce Rodríguez, I., Mosquera Castro, E. (2018): “A lingua galega na educación primaria. Un estudo cualitativo sobre a metodoloxía e as actitudes”, *Eduga: revista galega do ensino* 75, 13-45.
- DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.
https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220926/AnuncioG0655-190922-0002_gl.html
- Del Olmo, M. (2005): “Prejuicios y estereotipos: un replanteamiento de su uso y su utilidad como mecanismos sociales”, *Revista de Educación* 7, 13-23.
- Domínguez, L. Á. / Ramallo, F. (2012): *Mocidade, lingua e redes sociais*. Xunta de Galicia.
- Dornyei, Z. (1994): “Motivation and motivating in the foreign language classroom”, *The Modern Language Journal*, 78(3), 273-284.
- Dragojevic, M., & Giles, H. (2016): “I don't like you because you're hard to understand: The role of processing fluency in the language attitudes process”, *Human Communication Research*, 42(3), 396 – 420.
- Ferguson, C. (1959): “Diglossia”, *Word* 15, 325-340.
- Fernández Rodríguez, M. et al. (2017): *Prácticas e actitudes lingüísticas da mocidade en Galicia*. Consello da Cultura Galega.
- Fishbein, M. / Ajzen, I. (1975): *Belief, Attitude, Intention, and Behavior: An Introduction to Theory and Research*. Reading, MA: Addison-Wesley.
- García León, J. (2012): “Identidad y actitudes lingüísticas en hablantes trilingües: inglés criollo, inglés estándar y español. Propuesta de investigación”, *Cuadernos de Lingüística Hispánica* 20, 25-40.

- Gardner, R. C. (1985): *Social psychology and second language learning*. London: Edward Arnold.
- Gardner, R. C. / Lambert, W. E. (1972): *Attitudes and motivation in second-language learning*. Rowley: Newbury House.
- Garrett, P. (2010): *Attitudes to Language*. Cambridge: University Press.
- Hamers, J. F. / Blanc, M. H. A. (2000). "Bilinguality and Bilingualism", *International Journal of Bilingualism: interdisciplinary studies of multilingual behaviour* 6(2), 221-223.
- Hogg, M. A / Vaughan G. M. (2005): *Social Psychology*. Nova York: Prentice Hall.
- Holgado, R. (2023). "Inteligencia artificial ilustra cómo serían las mujeres españolas según su comunidad autónoma", *20minutos.es*.
<https://www.20minutos.es/imagenes/tecnologia/inteligencia-artificial/inteligencia-artificial-ilustra-mujeres-espanolas-segun-comunidad-autonoma-5108257/>
- Huguet, A. (2006): "Attitudes and Motivation Versus Language Achievement in Cross-Linguistic Settings. What is Cause and What Effect?" *Journal of Multilingual and Multicultural Development* 27 (5): 413-429.
- Ianos, A. / Huguet, Á. / Janés, J. / Lapresta, C. (2015): "Can language attitudes be improved? A longitudinal study of immigrant students in Catalonia (Spain)", *International Journal of Bilingual Education and Bilingualism* 20, 1-27.
- Iglesias Álvarez, A. (2002): *Falar galego: «no veo por qué?»*. Aproximación cualitativa á situación sociolingüística de Galicia. Vigo: Xerais.
- Iglesias Álvarez, A. (2009): *Linguas cruzadas (unidade didáctica)*. Santiago de Compostela: Secretaría Xeral de Política Lingüística. Xunta de Galicia.
- Iglesias Álvarez, A. (2012): "Actitudes e prexuízos lingüísticos en Galicia. A súa influencia nos usos", *A letra miúda. Revista de sociolingüística para o ensino* 1.
- Iglesias Álvarez, A. (2020): "Actitudes e prexuízos cara ás variedades estándar de galego e español no contexto educativo", *Madrygal: Revista de estudos gallegos* 23, 199-214.
- Joven Sieira, C. (2016): "As actitudes lingüísticas entre o alumnado de 4º da ESO de tres IES pontevedreses", *Cumieira. Cadernos de investigación da nova filoloxía galega* 1, 37-65.

- Loredo, X. / Vázquez Grandío, G. (2022): “A lingua galega no sistema educativo”, *Grial: revista galega de cultura* 233, 16-25.
- Maio, G. R. / Haddock, G. (2010): *The Psychology of Attitudes and Attitude Change*. Londres: Sage Publications.
- Mercado Fernández, A. (2020). *Actitudes e ideoloxías lingüísticas del alumnado en contextos multilingües*. Universidade do País Vasco.
- Monteagudo, H. (2017): “Lingua e sociedade en Galicia”, *LaborHistórico* 3(1), 14-48.
- Monteagudo, H. / Nandi, A. / Loredo, X. (2020): “La transmisión intergeneracional del gallego”, *HispanismeS* 16, 1-24.
- Moreno Fernández, F.. (1998): *Principios de sociolingüística y sociología del lenguaje*. Ariel.
- Rojo Sánchez, G. (1981): “Conductas y actitudes lingüísticas en Galicia”, *Revista Española de Lingüística* 11(2), 269-310.
- Romera Barrios, L. (2011): “Los prejuicios lingüísticos”. Ministerio de Cultura, 212-215.
- Saeed, M. / Iqbal M. Z. / Akhtar M. / Saleem K.. (2014): “Development of a Scale to Measure English Language Learning Attitude of Secondary School Students.” *Journal of Educational Research* 17 (2): 42–57.
- Sarnoff, I. (1970): “Social Attitudes and the Resolution of Motivational Conflict” en M. Jahoda / N. Warren (Eds.), *Attitudes*. Harmondsworth: Penguin, 279-284.
- Seki, T. (2004): *Attitudes to and motivation for learning English in Japan with special reference to first-year university students*. Universidade de Stirling.
- Seminario de Sociolingüística (2003): *O galego segundo a mocidade* (A Coruña: Real Academia Galega).
- Seminario de Sociolingüística (2020): *Avaliación da competencia bilingüe nos idiomas galego e castelán do alumnado de 4º da eso* (A Coruña: Real Academia Galega).
- Servizo Galego de Saúde: < <https://www.sergas.es/Saude-publica/Analise-espacial-sistemas-informacion-xeografica-e-elaboracion-de-mapas?idioma=es> >
- Silvia-Corvalán, C. (2001): *Sociolingüística y pragmática del español*. Washington, DC: Georgetown University Press.

- Smith, A. N. (1971): “The Importance of Attitude in Foreign Language Learning.” *The Modern Language Journal* 55 (2), 82–88.
- Swiggers, P. (2019): “Ideología lingüística: dimensiones metodológicas e históricas”, *Confluência: Revista do Instituto de Língua Portuguesa* 56, 9-40.
- Tello-Zuluaga, J. (2023): “Historia y desarrollo de la investigación sobre las actitudes humanas en la Psicología Social”, *Revista sul americana de psicología* 11, 37-58.
- Thuan P. D. (2021). “Attitude and Motivation in Language Learning: A Review”, *Journal of English Language Teaching and Applied Linguistics* 3 (5), 64-72.
- Ubillos Landa, S. / Páez Rovira, D. / Mayordomo López, S. (2004):”Actitudes, definición y medición. Componentes de la actitud. Modelo de acción razonada y acción planificada”, en Itziar Fernández Sedano (coord.) / Silvia Ubillos Landa (coord.) / Elena Mercedes Zubieta (coord.) / Darío Páez Rovira (coord.), *Psicología social, cultura y educación*. Pearson Educación, 301-326.